

**D. JOSE MARIA BAÑOS CAMPO, SECRETARIO DO CONCELLO DE
MONFORTE DE LEMOS**

CERTIFICO:

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión celebrada o día 3 de outubro do 2016, adoptou entre outros o seguinte acordo:

“5. CONTRATACIÓN E SERVIZOS.

A)CONTRATACIÓN.

**A3.CONTRATACION DO SERVIZO DE ELABORACION DUNHA
ESTRATEGIA DE SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL EN MATERIA DE
CAMBIO CLIMÁTICO NO CONCELLO DEMONFORTE DE LEMOS (EXP.
043-SERVMen16)**

Vista a Providencia do Concelleiro Delegado competente de 20.9.2016, faise constar que.-

1º.- De conformidade co establecido no artigo 138 do RD. 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP), a denominación de contratos menores o é en consideración ao seu importe, que ten que ser inferior a 50.000 euros (IVE aparte) cando se trate de contratos de obras, ou a 18.000 euros, cando se trate doutros contratos.

2º.- Son contratos de servizos, en virtude do artigo 10 do TRLCSP “aqueles cuxo obxecto son prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración. A efectos de aplicación desta Lei, os contrato de servizos se dividen nas categorías enumeradas no Anexo II”.

3º.- Nos contratos menores, artigo 111 TRLCSP, establécese que só se esixirá a aprobación do gasto e a factura correspondente expedida conforme á normativa vixente.

Porén, o Concello de Monforte de Lemos na base 33.4ª das de execución do orzamento, referida aos gastos menores, dispón que.- *“A fin de garantir unha mellor xestión dos créditos orzamentarios, cando a contía sexa superior a 3.000 euros máis IVE e inferior a 18.000 euros máis IVE, o expediente conterá unha proposta de realización do gasto na que se xustificará a necesidade da contratación e a insuficiencia de medios propios. Dita proposta se presentará detallada e valorada, e deberá quedar acreditado no expediente a consulta como mínimo a tres empresas (deberán solicitarse a lo menos tres ofertas que se presentarán no Rexistro municipal de entrada), salvo que resultase imposible ou inconveniente por razóns que deberán acreditarse no expediente. Esta proposta unha vez informada polo Técnico de Contratación Municipal e fiscalizada pola intervención se someterá á aprobación do órgano municipal competente (fase*

En cumprimento do disposto, constan no expediente 3 orzamentos de empresas/persoas físicas distintas.

Por máis abastamento, a citada base 33^a.2 precisa que.- "*as propostas de contratos menores deberán remitirse para a súa tramitación ao Servizo de Contratación, para os efectos de comprobar que a persoa física ou xurídica proposta para a execución do contrato estea ao corrente das súas obrigacións tributarias e da Seguridade Social, non estea incurso nas prohibicións de contratar e que en consecuencia reúne as condicións para ser contratista coa Administración Pública, do que o responsable da oficina de contratación deberá deixar constancia escrita no expediente*".

A tal efecto, consta no expediente unha declaración responsable acreditativa das condicións de aptitude e capacidade do contratista, a cal terá os efectos previstos no artigo 61 bis do TRLCSP.

Sobre os efectos da declaración responsable, a Intervención xeral da Comunidade de Madrid no seu informe de 19.7.2007 emitido sobre un procedemento en materia de subvencións, indica que.- "*La declaración responsable, por lo tanto, dado que así lo establece su normativa reguladora y dado que se trata de un supuesto en el que está permitido por la norma sustantiva, es en sí misma, una forma de acreditación de las circunstancias que en ella se recogen, cuya validez para el procedimiento no debe ser objeto de duda, a no ser que existan elementos de juicio derivados de la documentación que obre en poder de la Administración concedente o que sea conocida por ésta, que permitan al órgano al que corresponde su valoración estimar que en la empresa afectada no concurren las circunstancias declaradas*".

4º.- Estes contratos non poderán ter unha duración superior a un ano, nin ser obxecto de prórroga nin de revisión de prezos (art. 23 ex. art. 89 TRLCSP).

En virtude da Providencia do Concelleiro Delegado de 20.9.2016 a data límite da prestación do servizo é o 20.11.2016.

5º.-A competencia para contratar, de conformidade co previsto no apartado primeiro da Disposición Adicional Segunda do TRLCSP, atribúese ao Alcalde, sempre que o importe do contrato non supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento. Se se supera a referida porcentaxe a competencia corresponderá ao Pleno. No entanto, e de conformidade co Decreto de Alcaldía de 18.06.2015 (BOP nº 160 de 14.7.2016), dita competencia atópase delegada na Xunta de Goberno Local do Concello de Monforte de Lemos.

Por canto antecede, propónse á Xunta de Goberno Local, adopta por unanimidade o seguinte

ACORDO

PRIMEIRO: APROBAR o gasto correspondente, con cargo á aplicación orzamentaria 171.22706 do orzamento xeral para o ano 2016.

SEGUNDO: ADXUDICAR, por "contrato menor", á empresa ZIFRA INGENIERÍA, S.L. con CIF. B70396213 e/r D. Fernando Garro Novillo con DNI. 13.134.039-G o

servizo de "Elaboración da Estratexia Ambiental de Sustentabilidade Ambiental en Materia de Adaptación ao Cambio Climático no Concello de Monforte de Lemos, polo importe de 5.310,74.-€ aos que habería que engadir 1.115,26.-€ en concepto de IVE (21%) o que fai un total ascendente de 6426,00.-€, o cal deberá estar rematado como máximo o día 20.11.2016 e deberá axustarse ao disposto na súa oferta (NRE. 11772/2016).

TERCEIRO.- Unha vez prestado o servizo, incorpórese a factura e tramítese o pago se procede.

E para que así conste e coa advertencia prevista no artigo 206 do ROF, expido e asino a presente de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde, en Monforte de Lemos a catro de outubro de 2016.

Vº e Pce.
O ALCALDE
José Tomé Roca



